



ACHEGAS HISTÓRICAS AO ENTROIDO DE VAL DE FRANCOS (CASTRO DE REI) NO SÉCULO XXI

José Manuel Blanco Prado

M^a Carme Pernas Bermúdez

O carnaval é a segunda vida do pobo, baseada no principio da risa. Mijail Bajtin.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN SOBRE A FESTA DO ENTROIDO

Se falamos dun tempo de festa ao que moitos esperamos con grandes ansias e ao que de mil maneiras nos podemos referir, creo que todos nos damos de conta de cal se trata. Non é nin máis nin menos que o chamado Antroido, Carnaval, Entrado, Introito, Entrudio, Carnestolendas, Carnal... que todos coñecemos, que vén de vello e hoxe mantense reinventado, como a maioría das festas.

Dá igual empregar uns termos ou outros, iso vai depender da época ou do lugar no que se faga¹, pois o importante é o que nos queren transmitir: por un lado, tempo de excesos e dos praceres da “carne” e, polo outro, tempo de “entrada” á Coresma, é dicir, de goce daquilo que está prohibido durante eses corenta días de abstinencia e penitencia cristiá. Trátase dun tempo de diversión, no que “sempre se comía a carne que non había todo o ano”².

A orixe desta festa remóntase nos tempos. Son diversas as teses sobre a súa orixe, pois os investigadores non se poñen de acordo neste punto. Por un lado,

están as teorías prehistoricistas ou evolucionistas de finais do século XIX, que interpretan o Carnaval como unha versión moderna dos ritos ancestrais de pobos prehistóricos relacionados coa fertilidade das terras, das mulleres e do gando na primavera. Entre os seus seguidores destacan Frazer e Mannhardt, e no ámbito galego Bouza Brey. Por outro lado, están as teorías medievalistas que xorden nos anos corenta do século XX, partidarias de encadrar o Carnaval na tradición cristiá e de entendela sempre en relación á Coresma. A maioría dos estudosos defenden esta tese, entre os que destacan Bajtin, Van Gennep, Heers, Burke... e no noso ámbito, Caro Baroja, Vicente Risco, González Reboredo, Mariño Ferro e Fidalgo Santamarina, entre outros.

Outras teorías son as que defenden puntos de encontro entre ambas as teses: recoñecer a orixe pagá dalgúns ritos do Carnaval sen negar a súa consolidación como festa no ámbito da Idade Media. Neste contrapunto sitúanse cada vez máis estudosos na actualidade, como Federico Cocho, que afirma:

“...Podemos dicir que a festa do Carnaval propiamente dito, co sentido burlesco e parodístico que ten hoxe, é propia do estilo de celebracións lúdicas da Idade Media, etapa histórica na que se configura como contrapeso festivo aos rigores que introduce a Coresma cristiá. Risa, burla, parodia, igualación social, alcohol, enchentas e toda sorte de bromas e excesos nutren os Carnavais. Pero non se pode negar que determinados ritos pagáns, propios do comezo da primavera e encamiñados a estimular a fecundidade, están incluídos nos Carnavais rurais máis antigos xunto a outros moitos costumes de intencionalidade distinta. No Carnaval pódense atopar restos destes ritos, pero o Carnaval non é un simple rito de fecundidade agraria e animal.

1 Diso xa se encargou Julio Caro Baroja, un dos maiores estudosos do Carnaval na Península Ibérica. Exemplo diso é a densa e completa obra *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*. Taurus: Madrid, 1979.

2 Referencia dunha informante veciña de Lanzós (Vilalba), En: FL-GUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudo desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web: <http://www.galiciaencantada.com>, Páx. 8.

Non obstante, tampouco se pode negar que en certas mascaradas, como é o caso dalgunhas da Galicia tradicional, estes restos pagáns caracterizaron ou caracterizan, conferíndolles singularidade, á propia mascarada, por máis que a evolución das mentalidades e o cambio do contexto político, sociolóxico e relixioso os desposuíra do seu sentido orixinario”³.

Hai quen remonta o Entroido ás antigas celebracións das *Dionisias* gregas ou das *Saturnais* e *Lupercalis* romanas nas que se celebraban danzas e representacións dramáticas con máscaras, no caso das primeiras, e unha serie de xogos e intercambio de papeis entre servos e amos, no caso das segundas. Outros póneno en relación coas Festas dos Tolos medievais, celebradas no marco da Igrexa e nas que o clero baixo e os nenos do coro arremedaban á xerarquía eclesíastica dando as misas, facendo burla e provocando a risa.

En definitiva, parece que non está moi clara a orixe desta festa, que se perde na memoria da historia e dos tempos, pero si está máis clara a súa fala e o seu significado. De feito, todos estamos de acordo en afirmar que o Entroido significa exceso e divertimento, pero tamén rexurdimento. Reparemos na bonita definición que del fan Mini e Mero:

“...É un tempo ou ciclo anual que forma parte importante e destacada da nosa personalidade e que está fondamente arraigada na nosa Cultura Tradicional. Realmente é a ‘entrada’ nun novo ciclo solar chamado por unha ‘nova luz’ que rompe os vellos e cansos esquemas do inverno e das grandes noites xa pasadas, e ofrece unha esperanza de vida e un rexurdir vizoso. Rexurdir non só da vexetación que agroma con forza (primavera), senón tamén nas anovadas enerxías que, a través de múltiples símbolos naturais, dan unha máis grande consistencia, relación e orde á comunidade –principalmente á rural”⁴.

O tempo do Entroido desenvólvese no inverno, nunha época de transición estacional cara a primavera, que sempre se vincula ao renacer de todo elemento vivo: plantas, hortas, árbores, flores... e tamén persoas

e animais. Non obstante, isto non só acontece con esta festa, senón con outras moitas que marcan os ritmos estacionais ao longo do ano. Por exemplo: o San Xoán, Santos... Estudosos como González Reboredo defínenas como “festas universais do ciclo anual”. Universais, porque se celebran en todas as partes, e do ciclo anual, porque seguen o ciclo solar e das estacións do ano, celébranse todos os anos pola mesma época. Fálase de festas de inverno e de festas de verán; de entre as primeiras, Santos, Magosto, Nadal ou Entroido, e de entre as segundas, Semana Santa, Corpus, Maíos e San Xoán. Por suposto, no verán non podemos esquecer a infinidade de festas laicas e festas do patrón ou romarías que proliferan entre os meses de xuño e setembro, máxime nun país coma o noso que conta cunha ampla cultura festiva, estendida nos últimos anos co impulso de festas de tipo laico: festas históricas, gastronómicas, feiras de artesanía, feiras medievais etc, que chega a producir o que algúns investigadores deron en chamar “*fenómeno de proliferación e atomización das festas*”⁵.

O calendario festivo do Entroido adoita variar en función de como caia a Semana Santa, e sempre se celebra 40 días antes da Pascua. Do mesmo xeito, 40 días despois do Nadal sitúase a Candeloria, o 2 de febreiro, que habitualmente marca o comezo do Carnaval. Os calendarios locais son moi variables. Antano xa comezaba coas mascaradas de Reises, que aínda se celebran nalgunhas localidades da Europa occidental, e fóronse perdendo no noso país. O mes *carnavaleiro* é o de febreiro, no que, dependendo da zona, se celebra case todo o mes ou só os días grandes, entendendo como tales o domingo de Entroido e o martes de Entroido. Normalmente celébrase por esta orde: domingo Fareleiro ou Lambedoiro, xoves de Compadres, domingo Corredoiro, xoves de Comadres, domingo de Entroido e martes de Entroido. A maiores, nalgúns lugares celébrase o luns de Entroido, o mércores de Cinza e o domingo de Piñata. O Entroido galego máis longo é o da vila ourensá de Xinzo de Limia, e o lucense máis longo é o Ribeirao de Chantada. Na Terra Chá celébranse os días grandes: o domingo e o martes de Entroido, que segundo a zona poden recibir unha ou outra denominación. Por exemplo: domingo Grande, domingo Gordo, domingo Lardeiro...

3 COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007. Páx. 43.

4 RIVAS CRUZ, Xosé Luís e IGLESIAS DOBARRIO, Baldomero. *Cantos, Coplas e Romances de Cego (II)*. Recopilación de Mini e Mero. Lugo: Ophiusa Ensino, 1999. Páx. 303.

5 GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel. *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997. Páx. 14.

Como toda festa, é innegable afirmar que no tempo do Entroido se abren mecanismos de unión e solidariedade entre as xentes que nel participan, ben como actores ou ben como espectadores. Créase un universo de colaboración entre todos, afirmándose como colectividade e como pobo. Únense os vínculos e os lazos entre os veciños e tamén entre os familiares, e reafírmanse fronte a outros. Isto evidénciase en calquera festa emanada do pobo, que sempre quere organizala mellor ca do veciño, pero no tempo de festa esas rivalidades sempre patentes sobre o “fondo” do cadro, disípanse, minguan. É interesante a reflexión que fai o antropólogo Marcial Gondar cando di:

“(...) O mesmo que vimos que pasaba no campo da festa cando se vai de romaría, o tempo do carnaval é tamén un destes espazos para o fomento da solidariedade e o esquecemento das diferencias que, sobre todo, as sociedades montadas ao vello estilo necesitan para que a afirmación dos intereses egocéntricos dos seus membros non terminen por facer desaparecer o cemento social indispensable en toda convivencia”⁶.

Esta é a función societaria que cumpren todas as festas, pero o Entroido como festa garda moitas outras connotacións que deseguido imos analizar, pois pódese definir como unha “festa total”, onde entran en xogo moitas cuestións. Reparemos nelas. As máis salientables son as que enumeramos a continuación, que non estudaremos a fondo pois non é esta a pretensión deste artigo centrado no Entroido de Val de Francos.

Os aspectos máis destacables desta festa, á parte dos xa citados, son dunha forma moi esquemática, os seguintes:

1. O Entroido como *momento* festivo celebrado nunha época de transición estacional cara á primavera.
2. O Entroido como tempo de *exceso*, no comer e no beber, e como tempo de *folganza*, no que non se traballa, e sobre todo os homes na sociedade tradicional. As miras están todas postas na procura de roupa para “ir de máscara”, na ansia por meterse cos veciños,

roubando carne ou viño ou facendo trasnadas tales como cambiar o gando de sitio, cambiar os aparellos de labranza de casa, trancar camiños, esconder apeiros de labranza (grades, arados...), subilos enriba dos lousados etc... Estas prácticas eran moi comúns antano na comarca chairega. Hoxe perdéronse case na súa totalidade, exceptuando parroquias puntuais nas que hai xente moza e non tan moza con gañas de facer estas falcatuadas.

3. O Entroido como *rito*, onde a *máscara* e o disface acadan forte protagonismo. O ritual do enmascaramento colle forza e calquera roupa vella vale para ocultarse tras dela e facer rir os demais. “Ir de máscara” convértese nun rito imprescindible que fai sentir ben ao que a leva. “As máscaras preséntanse como obxectos culturais por excelencia, por onde o home se fai sentir e falar”⁷. Neste apartado teríamos moito que falar sobre o cambio producido neste ritual, pois antes calquera cousa valía para disfrazarse, hoxe xa non é tanto así e mércanse máscaras e roupas nas tendas especializadas.



Máscaras do vello Entroido de Val de Francos. Foto de B. Barreiro

Neste senso, o enmascaramento chegou a ser unha forma de distinción da clase social a principios do século XX e ata moi entrada a década dos oitenta, xa que “o señorito e a señorita disfrazábanse, vestíanse ‘de algo’,

6 GONDAR PORTASANY, Marcial. *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1993. Páx. 173.

7 FIDALGO SANTAMARIÑA, A., GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARTINS MACIEL, S.A. “As caras do Carnaval na periferia da provincia ourensá”. En: VVAA. *As caras do Entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial e Fundación Caixa Galicia, 2009. Páxs. 301-302.

mentres que o que non tiña cartos ía de 'choqueiro', de 'vello', de roupa vella e tosca careta, sen representar nada específico"⁸. Hoxe estas diferenciacións foron minguando, pero as formas e as roupas do vello Entroido están practicamente desaparecidas, se non é polo labor exercido por xentes entusiastas que traballan arreo na recuperación desta festa tan entrañable.

4. O Entroido como festa do *mal* e do *demo*, que responde ao "*modelo binario*" do universo, do home e da vida⁹, no que todo xira arredor do ben ou do mal, de Deus ou do Demo, da vida e da morte, do día e da noite, do verán e do inverno, da mente e do corpo, da cultura e da natureza...

Ese mal é representado a través dun boneco, mal vestido, farrapento, feo, vello e gordo, no que destaca o órgano sexual. A ese demo pónselle fin coa queima do boneco, que simboliza a queima do Entroido. Isto acontece no Val de Francos, e niso repararemos máis abaixo, pero á parte da queima, na comarca chairega e tamén noutras partes de Galicia, había o costume de colocar o boneco diante das portas das casas como forma de burla entre os veciños, e como ninguén o quería rulaba entre as distintas casas¹⁰.

5. O Entroido como reino da *risa*, provocada pola burla, a sátira, a retransa, a crítica... de certos elementos do poder aos que se ridiculiza, e provocada pola inversión de papeis e "o mundo ao revés" que se establece. A xente disfrázase de crego, de garda civil, de político, de médico, de señorito ou señorita, de vello ou vella, de vagabundo, de home ou muller..., en fin, de todo o que se lles ocorrera, e sempre con roupas vellas da casa ou de prestado.

6. O Entroido como dominio da *dimensión pública* fronte á privada. As casas abren as súas portas a tódolos veciños, e todos colaboran na festa, de forma directa ou indirecta, uns participando activamente e os outros observando e ríndose das falcatrudas das

máscaras, ou mesmo convidándoas a carne, filloas, orellas, torradas e doces típicos destas datas ou prestándolles roupas.

7. O Entroido como símbolo de *vida* e *fertilidade* fronte á morte, e como tempo de *rexurdimento* e de *renacemento* da primavera. Nel provócase o ruído mediante chocas e campañas que simbolizan a vida, e nel enzóufase á xente con fariña, cinza, formigas, auga sucia... que provoca -segundo parece- fertilidade e boa sorte.

8. O Entroido como tempo de *diversión*, de *relaxación* e de *xogo* entre os sexos. Neste tempo reláxanse os costumes do resto do ano, e excédese na comida e na bebida. O elemento sexual aparece con recorrencia en xogos e prácticas coma o xogo das olas, o xogo do pucheiro, o xogo do nabo, o costume de que as máscaras lles levanten as saias ás mulleres e se metan con elas acotío etc. O xogo que tiña lugar os xoves de compadres e comadres tamén da boa mostra diso. Do mesmo xeito, as corridas do galo tamén gardan connotacións sexuais, pois o galo é o animal simbólico da luxuria e do apetito sexual por excelencia. Nas corridas o galo era colgado ou enterrado para ser decapitado. Era un xogo infantil ou de adultos que deixou de facerse e que sobrevive hoxe en zonas illadas de Galicia. Para a zona que nos interesa, o Val de Francos, temos constancia de que hai moitos anos se celebraban e consérvanse fotografías que o mostran, autoría de D. Bernardino Barreiro.



A corrida de galos no Val de Francos. Foto de B. Barreiro

8 COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007. Páx. 174.

9 VVAA. *As caras do Entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial e Fundación Caixa Galicia, 2009. Páxs. 26-27.

10 Sobre esta cuestión ten investigado a profesora Sabela Figueira Tenreiro, que analiza no artigo *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudo desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de "Galicia Encantada". Web.: www.galiciaencantada.com



A corrida de galos no Val de Francos. Foto de B. Barreiro

9. O Entroido como *escenario da burla* e da *crítica social e política*. Bo exemplo disto son as escenificacións, os testamentos de animais, os sermóns do Entroido... a través dos que se comentaban e ridiculizaban as accións e peripecias dos veciños, dos políticos locais ou non tan locais, dos cegos, de determinados oficios (labregos, carpinteiros, muiñeiros, médicos...), e incluso se daban consellos e recomendacións. Normalmente eran improvisados ou escritos por “poetas” locais e xentes con grande agudeza e inventiva, aos que non se lles escapaba nada. Proba diso son as seguintes estrofas do sermón de Fao na zona de Touro recollido por Mini e Mero:

“(...) A malicia, meus filliños,
évos filla de mal pai
donde hai moita malicia
nunca a cousa ben vos vai.
Facédeo sin malicia
e facédeo leghal,
pra que outro ano non poidamos
poñervos no Carnaval”¹¹.

Máis abaixo, analizaremos polo miúdo o significado dos sermóns, pois acadan especial importancia no Entroido de Val de Francos, como veremos.

10. O Entroido como *inversión* da normalidade da vida cotiá, como escenario daquilo que non se pode facer o resto do ano, en antítese coa rixida Coresma, eses 40 días de penitencia e abstinencia da carne seguindo a tradición cristiá. Evidentemente, as prácticas de abstinencia fóronse perdendo co tempo e hoxe esa diferenciación entre don Carnal e dona Coresma non é a que era, debido ao proceso de laicización da sociedade nos últimos anos.

11. O Entroido como *lección pedagóxica*, en relación co punto anterior. Neste punto teñen incidido antropólogos como Antón Fidalgo ou Marcial Gondar. Para eles, o tempo do Carnaval é tempo de excesos que subliminarmente educan o pobo, facéndolle ver e comprender que unha vida como a do Entroido non se pode levar a cabo o resto do ano se queremos evolucionar como seres humanos civilizados. Neste senso, Fidalgo define o Carnaval como unha “festa eminentemente católica orientada a combater o desenfreo e a desorde mediante o convencemento de que unha maneira de vivir centrada no exceso, a desorde, a gula e a luxuria, resultaría inviable e absurda. (...) todos estes diferentes actos e situacións do popular Carnaval non fan outra cousa que educar a poboación xeral, é dicir, socializar os cidadáns para a convivencia no tempo ordinario do ciclo anual e un bo procedemento é este de apercibilos, nestes días de festa, de que a orde ten orixe na desorde, o goberno no desgobierno e ensinarlles que un mundo así, posto patas arriba non é bo”¹².

Despois de todas as dimensións que vemos ten o Entroido como festa tan singular, non é de estrañar que os poderes eclesiásticos, civís e militares teñan prohibisen en momentos “negros” da nosa historia esta manifestación tan propia do pobo.

O Entroido foi fortemente censurado e prohibido dende a guerra civil do 36 e durante a ditadura franquista ata chegados os anos sesenta, anos de maior tolerancia nos que se vai recuperando paseniñamente nas zonas onde tiña máis longa tradición. Este é un apartado da historia do Entroido moi interesante, que revela o poder do pobo fronte ao poder político e eclesiástico,

11 RIVAS CRUZ, Xosé Luís e IGLESIAS DOBARRIO, Baldomero. *Cantos, Coplas e Romances de Cego (I)*. Recopilación de Mini e Mero. Lugo: Ophiusa Ensino, 1999. Páx. 28.

12 FIDALGO SANTAMARIÑA, A. “Cara a unha busca de sentido do Carnaval ourensán”. En: VVAA. *As caras do Entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial e Fundación Caixa Galicia, 2009. Páxs. 326-336.

que non conseguiu acabar con esta festa. O pobo seguía a celebrala aínda que sabía que corría grave risco de ser multado ou requisado, pois era unha forma de diversión moi arraigada. A represión chegou incluso ás casas cando os pais prohibían disfrazarse aos seus fillos, influídos polos duros sermóns dos cregos contrarios ao Carnaval e pola presión exercida polos gobernadores civís, os alcaldes e as forzas garantes da orde: a Garda Civil, pois consideraban o Carnaval unha festa escandalosa na que se alteraba a orde pública, non só a través das mascaradas e escenificacións senón tamén a través dos sermóns e dos escritos. Estas pezas eran menosprezadas polos poderes civís e eclesiásticos e foron tamén censuradas e requisadas.

O sociólogo Bernardo García Cendán fai unha interesante reflexión neste senso:

“(…) Nunca puiden entender, cando era neno, por que tiñan prohibida aquela festa que a min me gustaba tanto. Buscaba calquera farrapo para disfrazarme, agora é todo moito máis sofisticado e comercializado, o que é unha mágoa, porque ate a xente máis rica aproveita para diferenciarse mercando as cousas máis caras e segue sen saber rir debaixo da máscara. Eu corría tras dos mozos que, desafiando as leis, facían con moito detalle o enterro da sardiña na miña vila de Vilalba. Inda me recordo do que nos divertía adiviñar mesmo o intre en que ían aparecer os gardas para desfacer a procesión. Procesión na que participaban os mesmos que despois tamén acudían, piadosamente á seriedade dos ‘caladiños’ na Semana Santa”¹³.

Hai constancia na historia de numerosos bandos de alcaldías, ordes, ordenanzas e decretos restritivos ditados polas autoridades políticas conservadoras e eclesiásticas coa desculpa de manter a orde pública. Non teñen desperdicio algunhas como as que a continuación mencionamos, das que investigou o xa citado Federico Cocho no seu maxistral libro *“O Carnaval en Galicia”*.

Así dicía unha circular enviada polo arcebispo de Santiago a todo os párrocos de Galicia aló polo ano 1933:

13 GARCÍA CENDÁN, Bernardo. “O desacougo da risa”. En: *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. por “Asociación do Val de Francos”. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993. Páx. 51.

“El señor arzobispo excita el celo del clero de su diócesis para que durante los días de carnaval haya en todos los templos dependientes de su jurisdicción actos de desagravio y, sobre todo, primeras comuniones”.

Nos anos da guerra, emitíuse unha circular en Valladolid que se distribuíu por todos os gobernos civís e estendeu a prohibición do Entroido en todo o Estado español poñendo como escusa os tempos de guerra en que se vivía. Rematada a guerra, séguense emitindo circulares nesta dirección. Así o podemos comprobar na que emite o gobernador civil da Coruña en xaneiro de 1940:

“El Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación, por orden del 12 del actual ha resuelto mantener la prohibición absoluta de la celebración de las fiestas de Carnaval. Y para su debido cumplimiento de cuanto anteriormente queda ordenado acuerdo prohibir no sólo los actos en la vía pública sino también todas las fiestas de sociedad o de empresas que acostumbraban a celebrarse en dichos días, entrando en esta prohibición terminantemente toda clase de bailes los días 4, 5 y 6 del mes próximo. Por tanto, encargo a la Guardia Civil, alcaldes y demás agentes dependientes de mi autoridad, vigilen el debido cumplimiento de lo anteriormente transcrito”.

O mesmo facía a Dirección Xeral de Seguridade franquista en 1951, declarando abertamente a guerra contra o Entroido:

“Próxima la semana de quincuagésima y continuando en vigor la prohibición de toda manifestación callejera de Carnaval, aunque tolerados en privado los bailes de sociedad con trajes de época que no constituyan disfraz, y sin velar el rostro en ningún caso, o momentánea aparición en las calles de personas que con uno de dichos atuendos autorizados en su inevitable desplazamiento de ida y regreso, puedan servir de pretexto para presentarse en público arbitrariamente disfrazados con ropas astrosas unos e incurriendo otros en la poco original y recusable extravagancia de vestir prendas de su sexo contrario, la cara tiznada y dando muestras en chabacanas pandillas de una ruidosa euforia a la que no suele ser ajena la ingesta alcohólica, que les ayuda a vencer el pudor de su ridícula situación, para evitar excesos se recuerda la prohibición existente y se hace público que los agentes de la autoridad procederán a la detención de estos tozudos de mal gusto, que serán severamente sancionados”.

Por suposto, tamén temos exemplos máis achegados como un bando do alcalde de Vilalba nos anos cincuenta do pasado século onde se desautorizaban toda clase de máscaras en lugares públicos e se toleraban os bailes privados de sociedades e círculos recreativos con traxes de época ou rexionais sen que chegaran a constituír disfrace, sen tapar a cara e, por suposto, coa oportuna autorización¹⁴.

A esta “cruzada anticarnaval”, como ben acuñou Federico Cocho, seguiu unha lenta recuperación dos entroidos e entroidadas máis enraizadas, en aldeas, pobos e vilas de toda Galicia, moitas veces grazas ao labor dos colexios, asociacións de veciños, colectivos culturais, grupos musicais, concellos e institucións a partir de finais dos anos setenta e principios dos oitenta, en que a democracia xermola pouco a pouco tras unha longa noite de pedra, de escuridade e de represión.

E con isto chegamos aos días do presente, nos que son moitas as persoas implicadas na recuperación e revitalización do vello Entroido, pero, por moito que queiramos, o Entroido xa non é o que era, porque os tempos mudan, e mudaron moito nas últimas décadas. As persoas notamos este cambio, e sobre todos os maiores, pero tamén o notan as festas, porque se transforman. Cando falamos cos nosos vellos non se cansan de repetir que o Entroido de agora “non vale nada” e non se asemella para nada ao Entroido de antes, no que eles participaban.



O Entroido de antes en Val de Francos. Foto de B. Barreiro

14 Podémolo consultar nun libríño moi interesante editado hai xa anos en Vilalba grazas ao traballo do profesorado e alumnado do Colexio Público “Antonio Insua Bermúdez”, baixo o título de *O noso Antroido*. Villalba 1986. Páx. 20.

Antes o Entroido era unha festa que implicaba a participación de moita xente. As nosas aldeas estaban poboadas e as nosas familias eran numerosas, e había moita xente nova. Hoxe as aldeas están cada vez máis baleiras de xente, porque obedecemos a un triste cambio social propiciado por unhas políticas sempre contrarias ao mundo rural e sempre favorecedoras dun capitalismo e urbanismo feroces, no que os valores son outros e pesa o materialismo por enriba de todo.

O cambio social reflíctese tamén nas festas e, neste caso, no Entroido, onde as vellas formas e as antigas mascaradas rurais están perdendo protagonismo en favor dun Entroido máis urbanita, comercial e burgués que se centraliza nas vilas e cidades con desfiles de comparsas e charangas, premios e bailes de disfraces, onde a xente vai lucirse e vai gañar o premio máis que facer burla como antano e facer mascaradas con roupas vellas que había nas casas. Aproveitábase calquera peza de roupa para taparse e ir de máscara, cousa que agora non acontece, pois precisamos mercalo todo. O novo Entroido entra na lóxica do mercado e do capitalismo.

Ademais, convértese nunha festa na que prima máis o espectáculo pensando en fins turísticos que a participación e a implicación nela. Agora somos máis espectadores que participantes, antes era case ao revés. Isto acontece en calquera festa de interese para o patrimonio inmaterial do noso pobo, pensemos nas festas das mallas, das rozas ou das fías, que se converten en recreacións artificiais do que antes era real. Aínda así non se lles pode negar o seu carácter didáctico cara ás novas xeracións descoñecedoras dese pasado dos avós.

Como ben afirma Sabela Figueira “o Antroido era un teatro no que todos participaban en calidade de actores. Na actualidade (...), a implicación na festa é, en moitos casos, substituída pola simple contemplación”¹⁵.

Este proceso de modernización faise cada vez máis notorio e é debido a moitos factores, como teñen estudado numerosos investigadores galegos e de fóra de Galicia: a introdución de novas modas máis refinadas e burguesas a partir de mediados do século XIX, a forte emigración, o envellecemento da

15 FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web.: www.galiciaencantada.com, Páx. 19.

poboación rural, o abandono do campo propiciado por políticas desfavorecedoras e que fomentan escasas expectativas para a vida no rural, a importación do modelo americano e a globalización e mercantilización da nosa sociedade, os novos gustos dos emigrantes retornados que desprezan todo o que cheira a enxebre e galego, a chegada de novas formas de diversión e de entretemento (a televisión, internet, a discoteca...) etc. Sobre isto último inciden moito os nosos maiores cando, falando da desaparición do vello Entroido, lles bótan a culpa directamente a estas novas formas de diversión. Agora entendemos a afirmación de Cocho cando dicía que “a socioloxía, e non a represión, acabou co Entroido rural”¹⁶.

Actualmente en Galicia subsisten por manter a pureza contra os ataques da modernidade, entroidos coma os de Viana do Bolo, Xinzo de Limia, Laza, Verín e Manzaneda en terras de Ourense, os da comarca do Ulla en Pontevedra e A Coruña, e os de Chantada e Salcedo en Lugo, pero a Terra Chá tamén ten o Entroido de Val de Francos en terras de Castro de Rei, que conserva importantes ingredientes da vella festa da que estabamos a falar.

O mantemento destes entroidos non é casual, e obedece ao desinteresado traballo dinamizador de moita xente en prol de recuperar o vello Entroido. Nisto xogan un papel importante os apoios e axudas económicas por parte de institucións, como concellos, deputacións e Xunta de Galicia, que participan nese proceso de recuperación e reinvenición do Entroido. Para algúns estudosos, como Marcial Gondar, o apoio institucional convértese nun perigo para a propia festa porque as cousas subvencionadas polo poder nunca son boas, pois son manipuladas e controladas. Institucionalízanse e organízanse de forma forzada e automática, e con iso pérdese “o encanto” da festa. Gondar refírese a este potencial perigo con estas palabras:

“(...) Estamos nun momento en que os políticos, co engado das subvencións e das axudas, están comezando a manipular o Carnaval como antes o fixo a Igrexa. Aprender das trampas do pasado pode ser un bo camiño para que o potencial creador que se xera nun Antroido reverta no pobo que o crea e non volva a

servir para a reprodución ampliada da dominación”¹⁷.

De todo os xeitos, por sorte ou por desgraza, en moitas ocasións ben deita destas axudas institucionais para “tirar pola corda” e intentar afianzar a festa do Entroido, que, como todo, ou morre ou se renova. Non queda outra, os tempos mudaron e as festas tamén.

E se miramos para a nosa benquerida comarca da Terra Chá, moito habería que contar sobre as vellas formas de celebrar o Entroido, porque non todo se reduce ao famoso “trío Verín-Laza-Xinzo”: as falcatrúadas, as corridas do galo, o enmascaramento e o percorrido polas casas dos veciños, os sermóns, os enterros da sardiña, a queima do Meco ou Entroido, as xuntanzas para comer e beber, para divertirse, e para comunicarse...

Lembranzas e historias agardan por nós en todos os Concellos que compoñen a Chaira, vilas e parroquias, lugares e aldeas, dende Castro de Rei, Duarría, Castro de Ribeiras de Lea, Val de Francos, Guitiriz... a Abadín, Xermade, Vilalba... Noutra ocasión. Agora toca centrarnos na historia dun dos entroidos chairegos máis singulares: o de Val de Francos.

2. ALGUNHAS REFERENCIAS HISTÓRICAS SOBRE ESTA FESTA PROFANA NO DEVANDITO VAL

O “Val de Francos” abrangue as comunidades de Ansemar, Balmonte e Goberno. O Val está formado polas tres parroquias citadas e ademais Viladonga, aínda que esta non entre na organización do Entroido. Trátase dun val que –segundo Xosé Manuel Carballo– aínda que non teña un río, que lle dea nome, tenos soterrados, o que deu lugar ao xurdimento dun val esplendoroso cheo de árbores, paxaros e de variadas bolboretas¹⁸. Neste fermoso val celebrouse desde hai bastantes anos a tradición festiva do Entroido, na que cómpre distinguir dúas etapas.

17 GONDAR PORTASANY, Marcial. *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1993. Páxs. 173-174.

18 CARBALLO, Xosé Manuel. “Memoria. Presentación. Prólogo”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. por “Asociación do Val de Francos”. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 3.

16 COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007. Páx. 245.



Mapa de localización elaborado por José Cancio Fernández



Debuxo realizado polo deseñador gráfico Anxo Vizcaino López sobre “os fareleiros”



Debuxo realizado polo deseñador gráfico Anxo Vizcaino López sobre “os que xulgan ao Antroido”

A primeira, correspondente á parroquia de Ansemar, tivo lugar desde principios do século vinte ata o ano 1992. Neste amplo tempo o Antroido (noutras zonas chamado Meco), símbolo de todo os males de Ansemar e do seu concello Castro de Rei, era un boneco de palla vestido no seu contorno con roupa vella e algúns adobíos, que o realzaban.



Chegada do Entroido. 1998

Algúns cooperantes do festexo traíano ao lugar da festa, situada no Campo de Carril, nun carro de dúas ou dunha vaca e guiado por un campesiño do lugar. Ás veces accedía ao devandito lugar en procesión, levado nas andas por catro veciños da parroquia. Logo, un home só na primeira etapa e unha parella de diferente xénero na segunda¹⁹, pronunciaba o sermón do Antroido composto por un número indeterminado de estrofas de catro versos, nas que non só se levaba a cabo unha crítica dos diferentes eventos e situacións acaecidos na comunidade parroquial e no seu ámbito municipal, senón que tamén aparecían reflectidos certos consellos e recomendacións ligados coas tarefas agrícolas e coa vida cotiá. Ao remataren o sermón, o Entroido era queimado no mesmo Campo de Carril, mais nun lugar afastado do público asistente, que contemplaba a vistosidade da queima.

Os sermóns do Entroido, tanto nesta primeira etapa como a posterior, foron realizados ás máis das veces por persoas con poucos estudos, ás que a experiencia lles concedera un importante don para usar as palabras axeitadas coa finalidade de analizar diferentes ámbitos vitais. Neste primeiro período podemos distinguir a algúns sermoneiros de sona, como Laxe de Loentia,

¹⁹ A parella pertencía xeralmente á comunidade parroquial de Ansemar (Castro de Rei).

Elías de Concha de Ansemar, Salvador de Aguiar de San Martiño de Goberno, Eleuto e Hipólito de Ansemar, Edelmiro de San Martiño de Goberno, Serafín de Tito de Quintela ...²⁰.

Este primeiro período do Entroido quedou reflectido no libro *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*, impulsado e coordinado por Xosé Manuel Carballo e editado grazas á Asociación Cultural Val de Francos co gallo da recuperación desta festividade de Val de Francos no ano 1992. No devandito libro participaron, cos seus escritos, pensadores chairegos como Xosé Manuel Carballo, Xosé Trapero Pardo, Xosé Chao Rego, Margarita Ledo Andiñón, Xulio Xiz Ramil, Marica Campo, Darío Xohán Cabana, Bernardo García Cendán e Manuel María. O libro amosa ademais na súa portada unha ilustración de Xosé Vizoso, e outras dúas no seu interior. Tamén mostra doce fotografías de D. Bernardino Barreiro.



Os Fareleiros. 2009

Aínda que a parroquia de Ansemar veu celebrando o Entroido nestes anos sen interrupción, tamén se celebrou algún ano en Balmonte e un en Goberno.

A segunda etapa do Entroido xorde a partir do ano 1992 cando as parroquias de Ansemar, Balmonte e Goberno deciden celebrar conxuntamente esta festividade profana no Campo de Carril de Ansemar. Os membros da comisión destas comunidades parroquiais foron:

²⁰ CARBALLO, Xosé Manuel. *Op. cit.*, pág. 6.

Xosé Luís García Cupeiro, de Goberno; Xoán Carlos Rodríguez Folgueira de Balmonte; e Xoán Xosé Pita Iravedra de Ansemar. Nesta nova planificación tamén interveu o crego Xosé Manuel Carballo cando soubo por boca de Xosé Luís García Cupeiro –representante de Goberno– a posibilidade de realizar conxuntamente o Entroido as tres parroquias susoditas. Entón, Xosé Manuel respondeulle: “En calquera cousa que poidan facer tres parroquias xuntas vale a pena meterse ata as orellas...Eu, aínda que non fose polo Antroido en si, senón polo feito de que era un elemento que podía aglutinar ás tres parroquias para que fixesen algo conxuntamente, pareceume que valía moito a pena. Entón tratei de colaborar e de axudarlles para que isto fose adiante”²¹.

A comisión organizadora do Entroido vai variando algúns anos, agás o representante de Goberno –Xosé Luís García Cupeiro–, que permanece (xunto coa súa familia) nesta co beneplácito da parroquia por ser un home sinxelo e ademais estar provisto dunha importante capacidade para organizar e planificar diferentes eventos sociais.

No ano 2000 esta tradición festiva foi planificada por tres mulleres, pertencentes a cada unha das parroquias organizadoras do evento²².

Esta nova etapa do Entroido está reflectida nunha serie de estrofas populares ou relacionadas con sermóns da época.

“Xa que tres pobos se uniron,
con unha grande ilusión,
nunha tarde de harmonía
fan esta celebración”²³.

“Balmonte, Goberno e Ansemar,
xuntas o Antroido van festexar

21 CARBALLO, Xosé Manuel. “Antroidos e Antroido do “Val de Francos”, realizado o 7 de xaneiro de 2006, e publicado na revista *Terra Chá*. Tamén, entrevista de audio feita por José Manuel Blanco Prado en febreiro do ano 1998.

22 As mulleres en cuestión foron as seguintes: Ana María Canto Rodríguez, de Goberno; María Luísa Alonso, de Balmonte; e Montserrat Flores Fernández, de Ansemar.

23 Sermón do Antroido do ano 1992. Autor: Serafin de Tito de Quintela (Castro de Rei).

jé tan fermosa esta unión que mesmo agranda o corazón!”²⁴.



Os Sermoneiros. 1998

O novo Entroido foi desde un principio un gran evento, que contou coa asistencia de centos de persoas procedentes non só das parroquias organizadoras, senón tamén doutros lugares da Chaira e mesmo de Lugo capital²⁵. O festexo celébrase o sábado e o martes, día do Santo Entroido, e caracterízase polas actuacións de orquestras, xogos de maxia, interpretacións humorísticas e concursos de disfraces tanto a nivel individual como colectivo.

Con respecto ao día principal, o martes de Entroido, segue celebrándose o sermón, acto que desde sempre resultou vistoso a persoas de todas as idades. Este ségueno elaborando veciños da comarca, que xa o fixeran na anterior etapa, como Salvador Aguiar e Edelmiro García de Goberno, Laxe de Loentia etc. Estes xa se distinguían polo enxeño mostrado na realización das diferentes rimas, que presentaban os sermóns da primeira etapa do Entroido.

Ao remataren o sermón, introduciuse un novo acto consistente en realizarlle ao Entroido un xuízo, que desde os seus inicios é planificado polo crego Xosé Manuel Carballo. Nesta acción interveñen catro personaxes: un alguacil, un avogado defensor, un fiscal e un xuízo.

24 Estrofa popular, anónima.

25 No ano de celebración do novo Entroido – 1992 – din que no Campo de Carril (Ansemar) había preto de dúas mil persoas.



Os Valuros de Castro de Rei.

Agás o avogado defensor, os demais desexan que o Entroido sexa condenado ao lume, logo de que o fiscal faga alusión aos numerosos males acaecidos en todos os ámbitos sociais por culpa deste persoeiro ficticio mais ao mesmo tempo real. Nos últimos anos só se levou a cabo unha sentenza condenatoria do Entroido, que foi lida polo secretario do xulgado, logo de oír no sermón as numerosas falcatuadas executadas polo Entroido.

Finalmente celébrase a queima do Entroido no mesmo Campo de Carril e preto do espazo onde teñen lugar os diferentes actos festivos do Entroido. Esta resulta máis espectacular que na primeira etapa xa que o boneco, que simboliza ao Entroido, vai provisto no seu interior de máis pólvora, petardos e fogos de artificio.

Polo tanto, neste novo Entroido percibimos non só como a tradición, sustentada polos máis vellos, é algo que continúa e segue a súa dinámica, senón que ademais hai un proceso de reinvención desta mesma tradición desde a perspectiva destas tres parroquias recuperadoras do evento²⁶.

Paralelamente a esta festividade de Val de Francos, os cativos e cativas dos cursos superiores do CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei levan a cabo tamén o seu propio Entroido. Por tal motivo, axudados polo seu profesor de Relixión, Xosé Manuel Carballo²⁷ e outros mestres preocupados pola conservación das tradicións,

26 FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de "Galicia Encantada". Web.: www.galiciaencantada.com.

27 Estamos a falar do párroco de Castro de Rei, D. Xosé Manuel Carballo.

elaboran un curto xuízo composto de varias estrofas, nas que se reflicten diferentes actos funestos cuxa autoría recae no Entroido, que é condenado ao lume no patio do colexio.

3. CERTAS CONSIDERACIÓNS SOBRE OS SERMÓNS E XUIZOS

Ao desagregar un sermón, apreciamos inicialmente a existencia dun conxunto de rimas elaboradas con moito enxeño por parte dalgúns veciños da Chaira, que non posuían importantes estudos, mais adquiriran unha relevante experiencia vital no transcurso dos anos grazas a súa dedicación constante por oír, saber e actuar. Estes ademais dispoñían dun importante don de interacción social tanto no interior como fóra da súa comunidade, debido ao seu afán por transmitir coñecementos do seu entorno e ser receptores doutros novos procedentes de áreas máis extensivas.



Público asistente ao Entroido-2009

Isto ía influír dun xeito importante en que as estrofas realizadas por estes persoeiros para o sermón do Antroido, sexan na súa maior parte unha profunda crítica de diferentes eventos da vida social da parroquia, do concello e doutras comunidades de máis extensión como o Estado e as sociedades de índole internacional. E así, nas rimas dos diferentes sermóns adoitan realizar cun sentido crítico un repaso ao modo de actuar do clero; á actitude que amosan os mozos e aos adultos de diferente xénero; ao comportamento dos políticos; ao xeito de levar a cabo diferentes oficios etc. Ademais hai estrofas nas que se dan consellos axeitados sobre o modo de actuar e canalizar diferentes aspectos vitais.

3.1. DISTINTOS ELEMENTOS DE CRÍTICA

3.1.1. A CERTAS ACTITUDES XUVENÍS.

“Os rapaciños de agora
sonvos moi mala calaña.
Se os manda o pai ós toxos,
á leña ou á cavada,
pensando nas rapaciñas,
leve o demo se fan nada...”

“E logo pasa o día
e chega o pai co carro,
maldito toxo apañou
¿que faría o condenado?”²⁸.
“Aí tedes os chavales,
que non os vexo moi ben.
Marchan o venres da casa
hastra a semana que vén”²⁹.

3.1.2. CRÍTICA AOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

“Temos o Axuntamento,
gobernado por letrados.
De tan listismos que eles son
estamos todos admirados”.
“Agora cos contos deles
hai uns cuantos contentos.
Van darnos a luz e a auga,
e máis o aparcemento”
“Iso é o que eles dicen.
Andan con esas maniobras.
Aínda hemos morrer ben deles
sin acordar tales obras”³⁰.

“Tedes un Axuntamento,
composto de homes formales,
que se esquencen das promesas
ó saliren concellales”³¹.
“Dicen que nos tran a auga
aló do Muiño Albeiro.
O que nos trán é a merda
do Colexio de Mosteiro”.
“Temos un axuntamento,
que non nos sale barato,

pero para contar mentiras
pode ir a un campeonato”³².
“(…) Pois, polo visto, ós do Concello
tampouco os podemos chufar.
¡Que sallan ás carreteras
e empecen a bachear!”³³.

3.1.3. CRÍTICA AOS POLÍTICOS PROVINCIAIS.

“Temos na Diputación
unha xente moi honrada.
Carretan para casa o que poden.

Prós outros non queda nada”³⁴.
“Anque señan os da Xunta,
andán en revolución.
Queren botar a Cacharro
da súa Diputación.”
“Xa é tarde para botalo,
dígocho de corazón.
Co que chupou ese home,
mantíña media nación”³⁵.

3.1.4. CRÍTICA AOS CREGOS DAS PARROQUIAS.

“Aló pola zona nosa
hai curas moi preparados.
Todo recollen pra eles.
Son coma os vermes dos prados.”
“Vostedes teñen uns curas
e máis un señor alcalde
que para facer estas festas
nadie sabe o que nos valen”.
“Que non se corra este conto,
teñano moito en secreto,
a ver se para esta xente
de meter tanto pró peto”³⁶.

28 Asociación “Val de Francos”. *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*, Lugo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, pág. 23. Sermón do 1902, segundo Elías da Concha de Ansemar.

29 Sermón do ano 1995, realizado por Salvador e Edelmiro de Goberno.

30 Id.

31 Sermón do Antroido do ano 1993, realizado por Xosé Ramón de Laxe de Loentia (Castro de Rei).

32 Sermón do Antroido do ano 1996, levado a cabo por Salvador e Edelmiro, ambos os dous de Goberno.

33 Sermón do Antroido do ano 2009, executado por Edelmiro García e outros.

34 Sermón do ano 1995, realizado por Edelmiro e Salvador de Goberno (Castro de Rei).

35 Sermón do ano 2000, realizado por Edelmiro e Salvador de Goberno (Castro de Rei).

36 Sermón do ano 1995, realizado por Edelmiro e Salvador de Goberno (Castro de Rei).

3.1.5. CRISE FAMILIAR.

"Hoxe fanse matrimonioos,
e fanse de calquer maneira.
Ata os casa o alcalde
tras de calquera silveira".
"E o cabo de poucos días
xa está todo alborotado
e, cando nos damos conta,
cada un vai pró seu lado"³⁷.

3.1.6. CRÍTICA A ALGÚNS HOMES CASADOS.

"Algún sale pola mañá,
e vén cando lle dá a gana,
e desde que fixo a súa,
vén con muita filigrana".
"E outros aínda é peor,
gastan ben máis que gañaron
e logo, ó chegar a casa,
fan o que lles enseñaron"³⁸.

3.1.7. CRÍTICA A ALGUNHAS MULLERES CASADAS.

"Contáronme estoutro día
dunhas que na súa casa,
colléran de rutina
e tiñan guerra sin tasa".
"Os maridos polo visto
para elas non contaban.
Estaban millor por afóra,
jai! Alí si que limpaban"³⁹.

3.1.8. CRÍTICA CONTRA ALGÚNS OFICIOS.

A. CRÍTICA SOBRE OS LABREGOS.

"Para cobraren máis de leite
tamén lles hai moitos quites.
O caso é encher o tanque
anque esteñan coa mamites".
"E tratándose de higiene,
eso parece unha broma,
mándase merda a montós
e que o coma quen o coma"⁴⁰.

B. CRÍTICA LIGADA AOS MADEIREIROS.

"Aí tedes ós maderistas,
que tamén é xente boa,
pero acaban con nosoutros
se non veñen os de fora"⁴¹.

C. CRÍTICA DIRIXIDA AOS ALBANEIS

"Anque seña os albañiles,
ándanche moi elegantes,
non botan a man a nada
senón que seña con guantes."
"Hai algún na nosa zona,
que me parece moi pillo,
e non pón nas oito horas
medio cento de ladrillo"⁴².

D. CRÍTICA SOBRE OS ZOQUEIROS.

"Aí me tedes ós zoqueiros
¡que familia moi honrada!
todas as zocas son boas
con tal que vaian ferradas."
"Estaladas pola boca,
outras rotas polo fondo;
pero para cobrar xornal,
nunca dicen: é abondo".
"É mellor non os chamar,
dígollelo ben de veras
e empezar a gastar zocos
como fan en Pontevedra"⁴³.

E. CRÍTICA RELACIONADA COS CARPINTEIROS.

"Ós carpinteiros tamén
favoréceos moito a moda,
que se os espigos salen rotos,
todo se pega con cola"⁴⁴.

F. CRÍTICA LIGADA AOS FERREIROS.

"Os ferreiros, meus amigos,
é raza de maldición,
queren vender por aceiro
material de fundición"⁴⁵.

37 Sermón do ano 2000, feito por Salvador Aguiar e Edelmiro García, ambos os dous de Goberno.

38 Sermón do ano 1996, realizado por Edelmiro e Salvador de Goberno (Castro de Rei).

39 Sermón do Antroido do ano 1996, feito por Salvador e Edelmiro de Goberno.

40 Sermón do Antroido do ano 1995, feito por Edelmiro e Salvador de Goberno.

41 Sermón do Antroido do ano 2000, realizado por Salvador Aguiar e Edelmiro García, ambos os dous de Goberno.

42 Sermón do Antroido do ano 2000.

43 Asociación "Val de Francos". *Ob. cit.*, Sermón do Antroido do ano 1950. Autor: Eleuto de Ansemar. Páxs. 62-64.

44 Id

45 Sermón do ano 1950. Referencia citada.

G. CRÍTICA DIRIXIDA ÁS TECEDORAS.

"Aí me tés ás tecedoras,
non che tecen vara a peso
e botan pouquiña lá
para quedarse cun novelo"⁴⁶.

H. CRÍTICA SOBRE OS ZAPATEIROS.

"Quedábanme os zapateiros,
¡que familia de gran fama!
Non lle poñen pez ó fío,
pra que se pudra a puntada"⁴⁷.

3.1.9. CRÍTICA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

"Hoxe os homes, meus amigos,
están medio barrenaos.
Cando menos o esperas,
matan ás mulleres a paus"⁴⁸.

3.2. DIFERENTES CONSELLOS E RECOMENDACIÓNS

3.2.1. CONSELLOS DADOS AOS LABREGOS.

"(...) Labradores, labradores,
moito vos teño avisado.
Se habedes vivir ó día,
tedes que modernizarvos."
"Non esteñais enganados,
nin teñais tanto egoísmo,
se queredes vivir ben
ide polo cooperativismo (...) "⁴⁹.

"Homes destas parroquias,
agora teñen boa ocasión
de acordaren entre todos
facer ben a concentración."
"A concentración impónse
prás parcelas ben labrar.
Sin ela non haberá futuro
prós que queiran traballar"⁵⁰.

3.2.2. CONSELLOS REFERENTES A DIVERSOS OFICIOS.

46 Id.

47 Id.

48 Sermón do Antroido do ano 2009, realizado por Edelmiro García e outros.

49 Sermón do ano 1965, realizado por Eleuto de Ansemar.

50 Sermón do Antroido do ano 1993, realizado por Xosé Ramón de Laxe, Loentia (Castro de Rei).

"Xóvenes, especializaivos
aproveitade a ocasión,
que logo non haberá traballo
pra quen non teña profesión".
"Calefactores e mecánicos,
albañiles e carpinteiros,
electricistas e pintores,
sempre serán os primeiros"⁵¹.



Sermoneiros-2009

3.2.3. RECOÑECIMENTO DUNHA TAREFA AGRÍCOLA.

"Da concentración parcelaria
na parroquia de Ansemar,
como está todo tan perfecto
nada teño que falar".
"En Balmonte e en Goberno
quedou a xente encantada.
Queríanlles regalar ós palistas
pero ningún colleu nada" ⁵².

3.2.4. RECOMENDACIÓNS POLÍTICAS.

"Vouvos dicir unha cousa
que non debedes olvidar.
A ver se pró día doce
vades todos a votar"⁵³.

51 Id.

52 Sermón do Antroido do ano 2004, feito por Edelmiro García de Goberno.

53 Sermón do Antroido do ano 2000, levado a cabo por Salvador Aguiar e Edelmiro García de Goberno.

3.2.5. RECOMENDACIÓNS DEMOGRÁFICAS CUN SUBSTRATO NACIONALISTA.

"Pois tal e como vai a cousa
para conservar a poboación,
ou se trae xente de fóra
ou se acaba esta nación(...)"⁵⁴.

Os sermóns nestas comunidades parroquiais constituían un importante evento social, no que non só había burla, ironía, sátira, crítica social e política dunha serie de acontecementos durante o ano anterior e o que estaba en curso, senón que tamén eran un instrumento moi válido para ofrecer unha serie de consellos de diferente índole ás respectivas comunidades, así como recoñecer os labores positivos levados a cabo nelas. O sermón -segundo Federico Cocho- "tiña un sentido e unha forza particulares no marco dunha vida parroquial rixidamente marcada pola tradición e cun profundo sentido de unidade colectiva entre os propios veciños"⁵⁵.

Ao remataren o Sermón, levábase a cabo o xuízo, peza literaria popular, na que debemos distinguir dúas modalidades:

1ª. Denantes da celebración do Entroido no Val de Francos, o colexio Ramón Falcón de Castro de Rei, realiza o seu propio xuízo ao Entroido -coordinado polo seu profesor de Relixión, Xosé Manuel Carballo-, e logo levan a cabo no patio do colexio a queima do Entroido.

Inicialmente no xuízo participaban os seguintes personaxes:

A. Un pregoeiro, encargado de anunciar a festividade do Entroido.

B. Un alguacil, que fai alusión a que o Entroido vai ser xulgado con respecto ás trasnadas que varios relatores irán comentando.

C. Un xuíz, cuxa función é dar comezo ao xuízo.

D. Varios relatores⁵⁶ que fan referencia ás múltiples entroidadas do Entroido.

E. Segunda intervención do xuíz para saber a opinión dos asistentes ao evento, que sempre é condenatoria.

F. Nova intervención do xuíz para que se leve a cabo a súa execución.

G. Finalmente, o alguacil, encargado de levar a efecto a orde.

XUÍZO DO ANTROIDO. COLEXIO RAMÓN FALCÓN. ANO 2000

PREGOEIRO

O Antroido xa chegou
para podermos disfrutar
e así xa todos nós
podemos troular e troular(...)

ALGUACIL

Nenos e máis maiores
o Antroido imos xulgar.
Escoitemos as súas fazañas
por se o hai que condenar (...)
Serán varios os relatores
que nos irán recordando
as trasnadas que polo mundo
el andivo sementando (...)

XUÍZ

Comece xa o relato
e a expoñerse a relación
dalgunhas das malas obras
que andivo facendo este lambón.

RELATOR 1

O Antroido quíxonos facer
unha broma moi pesada
asustándonos co efecto dous mil
e a fin non pasou nada. (...).
Ó longo deste ano
moitos sitios visitou,
un deles foi Venezuela,
onde todo destragou (...)

54 Sermón do Antroido do ano 2004, realizado por Edelmiro García de Gobierno.

55 COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Xerais, 1990, páx. 282.

56 No ano 2000 houbo cinco relatores.

RELATOR 2

Por culpa deste señorito
ETA volveu a saír,
por máis voltas que lle dean,
eles só queren destruír.
Este señorito Antroido
non quería ir votar
por iso seguro que Aznar
tamén o quere queimar.

RELATOR 3

Nesta nosa comarca
desde que o Antroido chegou
a chamada cota do leite
ben axiña se acabou. (...)
A valla do colexio
témola toda rota
seguro que a rompeu el
querendo xogar á pelota (...).

RELATOR 4

Á conserxe, Isabel
tanto lle fai viciar
que ha de ter coidado
porque se pode herniar. (...)
Chus, a nosa entrenadora
tenme algo cabreado,
pois corremos e corremos,
pero o balón nin tocalo.



Os do Xulgado

RELATOR 5

O Antroido veuna armar
e a Aigor fastidiou,
porque lle abriu a cabeza
e unha man lle esgizou.
Os pequenos de sexto
presumen de que están cachas
pero en realidade
son coma carrachas.

XUÍZ

(...) Oído todo o relato
e escoitada a acusación
haberá que decidir
se o queimamos ou non.
Digan logo todos
e con claridade,
¿Polo seu gusto,
absolvémolo, ou arde?

TODOS

¡Arde! ¡Arde!

XUÍZ

Tendo ben en conta
a unánime opinión,
procédase en xustiza
a súa execución.

ALGUACIL

Enseguida virá Isabel
con alcohol para botar.
Xa se sabe que é
para o Antroido queimar.

Nos últimos anos, o devandito Colexio segue realizando o xuízo, no que interveñen menos personaxes que hai anos. Así, podemos facer mención do secretario cuxa función é dar a coñecer, antes de ler a sentenza, as numerosas argucias e falcatuadas atribuídas ao *Sr. Antroido*. Por tal motivo, dous relatores fan referencia aos múltiples males levados a cabo polo Entroido. O xuízo remata cando o secretario do xulgado le a sentenza condenatoria ditada polo xuíz.

SENTENZA DO ANTROIDO 2008 (COLEXIO RAMÓN FALCÓN DE CASTRO DE REI)

SECRETARIO

Vistos polo Sr. Xuíz os graves cargos presentados contra o Sr. Antroido, e analizada a infinidade de marrullerías, mamarrachadas e trangalladas, que se lle atribúen e de que foi acusado, procédese antes de ler a sentenza, á enumeración das principais culpas, que se lle botan e das que resulta probado, que foi autor ou inductor. A saber:

RELATOR 1

Catástrofes coma: terremotos, furacáns, inundacións e desprendementos de terras.

Epidemias, guerras, terrorismos, fames.

Contaminacións.

Cambio climático.

RELATOR 2

Mal trato de nenos, mulleres e dalgúns homes.

Tráfico de órganos humanos.

Roubos de todo tipo.

Bandas de delincuencia organizadas. (...).

SECRETARIO

Por todo o dito e moito máis, que se podería dicir, condénase a este reo, o Antroido, a morrer queimado e esturruxado.

Trasládese ó lugar axeitado e alí póñaselle lume publicamente para escarmento de cantos se comporten coma el.

No Colexio “Ramón Falcón” de Castro de Rei.

A 1 de febreiro de 2008.

2ª. A segunda modalidade é a propia do “Val de Francos”. Nos seus comezos interviñan na actividade xudicial un alguacil, un xuíz, un avogado defensor e un fiscal. Cada un deles tiña a súa función propia de culpar, defender e xulgar.

ANTROIDO DO VAL DE FRANCOS. XUÍZO 1998

ALGUACIL

Procedamos ó xuízo
seguindo co noso costume
por ver se este ano tamén
o Antroido vai parar ó lume.

XUÍZ

Pido ós señores letrados
que argumenten en conciencia
e tamén con brevidade
para non acabarnos coa paciencia.
E a toda esta concurrencia
tamén lle pido atención
por respecto ós que falamos
e para enterarse da función.

ALGUACIL

Partimos da presunción
de que o Antroido ten merecido
un castigo ben severo
polo mal que leva urdido.

DEFENSOR

Que ninguén o dea por condenado.
o xuízo debe ser imparcial,
pois tamén ten dereito a defensa
anque fose un criminal.

FISCAL

Que non se adiante a defensa
supoñendo parcialidades
que ningún ano se queimou
sen aclara-las responsabilidades.

DEFENSOR

Xa sabemos, señor Fiscal,
cales son as súas mañas.
Vostede con tal de acusar
enreda máis cás arañas.

FISCAL

O señor defensor ben quixera
que nin houbera acusación,
para así asirse coa súa
e librar a este lambón.

XUÍZ

Para introducción xa chega.
Céntrense no proceso.
Non se enguedellen entre ambos,
que non viñemos para eso.

FISCAL

Non teño que esforzarme moito
para acusar a este mal nacido,
pois que é pai de moitas maldades
por todos é ben sabido.

DEFENSOR

Acuse de cousas concretas
e déixese de ambigüidades,
senón vannos pillar aquí
as vindeiras Navidades.

FISCAL

(...) Explíqueme, logo, se sabe,
quen puido ser o autor
de que en Moncelos chovesen peixes
ata cargar un tractor.

DEFENSOR

Iso non llo sei dicir,
serían os extraterrestres
que dos seus pratiños voantes
botaron esas sementes.

FISCAL

(...) No mundo seguen as fames,
as guerras e marxinacións
e á explotación dos nenos
non se lle ven solución.
Os homes serán executores
pero o Antroido é quen induce,
pois está ben comprobado
que polo mal camiño conduce.

DEFENSOR

Se me fala de inducións
a cousa ponse máis negra,
pois o que é inducir,
pode inducir calquera.

FISCAL

Si, pero neste caso,
temos un reo presente
e non hai que andar buscando
a outros por entre a xente.

XUÍZ

Non se precisan máis probas.
O Fiscal falou con acerto.
Acabemos de unha vez
e deámoslle un escarmento.



O Antroido e o Sermoneiro

DEFENSOR

Protesto, señor Xuíz.

A súa decisión é precipitada
e pode pensar a xente
que esto é unha amañada.

XUIZ

Non hai lugar á protesta.

O caso está cerrado.

Compare con outras sentencias
e non se dea por agraviado.

ALGUACIL

Pronunciouse o Xuíz

e o proceso está rematado.

Vese que este ano tamén
o Antroido foi condenado.

Nos últimos anos aparece de novo, como no colexio Ramón Falcón de Castro de Rei, a figura do secretario do xulgado quen, como delegado do xuíz, expón os motivos polos que non se puido realizar un xuízo do Entroido acorde co estado de dereito en que se di que vivimos. Non obstante, menciona que o Entroido, como presunto autor ou indutor das numerosas falcatuadas reflectidas no Sermón, sexa condenado ao lume debido a presión exercida por diferentes elites sociais, ata que se poida dirimir se é culpable ou inocente.

SENTENZA DO ANTROIDO. VAL DE FRANCOS 2009

SECRETARIO

En calidade de Secretario do xulgado creado ex profesor para xulgar ó Antroido, como froito inmediato da folga de xuíces do día 18 deste mes fago saber:

1º. Que o Xuíz recentemente nomeado para este novo xulgado atopouse con tal morea de expedientes atrasados e sen resolver, que necesitará uns quince anos antes de poder analizar a fondo o expediente do Antroido deste ano 2009.

2º. Que todo o máis que puido facer o Sr. Xuíz foi ler detidamente o Sermón, que acaban de escoitar os que os escoitaron, que sempre son moitos, pero nunca son todos.

3º. Que o Sr. Xuíz atopou indicios de que o acusado, o

Antroido, poder ser o presunto autor ou inductor da ringleira de falcatuadas, que no Sermón se relatan.

4º. Que a día de hoxe non se puido celebrar, por falta de tempo e dos medios necesarios, un xuízo acorde co estado de dereito no que se di que vivimos.

5º. Que, a pesares de todo iso, o Sr. Xuíz vese forzado a tomar unha determinación, por presións políticas dun lado e doutro, polos medios de comunicación dunha ou doutra tendencia, moi afeitos a facer xuízos paralelos, pola sociedade en xeral, que esixe respostas inmediatas, aínda que non sempre sexan sensatas.



A queima do Antroido

Por todo isto o Sr. Xuíz:

ACORDA: Ditar orde de que de momento se queime o Antroido coma sempre, pero con carácter provisional e, cando che chegue o turno, dentro de quince anos pouco máis ou menos, verase se realmente era culpable ou inocente.

O Sr. Xuíz non ignora que ben poden caerlle uns catrocentos euros de multa, se para daquela o Antroido deste ano resultase inocente.

Quede constancia de que non hai ningunha relación entre a dimisión do Sr. Bermejo e estes autos.

Que leven, logo, ó Antroido para o lume, e que "salga el sol por Antequera y sálvese quién pueda".

Lido públicamente no Val de Francos a 24 de Febreiro do 2009.

Como en moitas comunidades galegas, o Entroido ou Meco represéntase nun boneco de palla, vestido con roupa humana e cuberta a súa cara cunha careta, que amosa trazos sinistros.

Os membros da comisión do Val de Francos achégano tódolos anos ao Campo de Carril -onde se celebra a festa- nun vehículo, nunha cabalería, nunha barca enriba dun tractor etc. Alí, dáse lectura ao Sermón do Antroido e logo lévase a cabo o seu “xuízo”.

No primeiro caso, como puidemos apreciar, realízase unha crítica social e política de diferentes eventos intraparroquiais e extraparroquiais. Tamén adoitan darse consellos e recomendacións axeitadas sobre diferentes ámbitos vitais, comezando polo rural ata chegaren a outros que, aínda que nun comezo poden resultar innovadores, co paso do tempo convértense en habituais.

De tódolos xeitos, a burla, a sátira, a ironía, a crítica social e política, son elementos constituíntes do Entroido en xeral.

Neste Entroido, apreciamos unha inversión de roles, que está reflectida nos diferentes disfraces e máscaras que se atopan no campo da festa, sobresaíndo desde sempre as dos “fareleiros”⁵⁷, que levan a cabo unha representación teatral, espontánea e improvisada ao actuar, co seu rol característico, entre a xente asistente ao evento. Os fareleiros teñen tamén o cometido de velar pola orde no campo da festa, de abrir paso á comitiva do Entroido e de evitar que os espectadores se acheguen de máis á queima.

Ademais, este Entroido ao igual que sucede noutras comunidades do ámbito galego é un importante elemento identitario para os veciños, que integran este val, agarimoso e fermoso, de Francos. Este carácter identitario non vén dado pola homoxeneización de ideas e xeitos de actuar dun sistema, que impón uns criterios uniformes, senón pola creatividade e espontaneidade dos membros desa comunidade, na que se celebra o evento. Así mesmo, o baile e a música constitúen os elementos cume onde a liberación da sensibilidade é máis notoria facéndose

patente na ruptura das normas, que presionan a conduta dos integrantes dunha comunidade. Polo tanto, toda festa posibilita un tránsito do cotiá a situacións onde a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes poden ter lugar.

Finalmente esta festividade leva en si mesma a risa polo que está acaecendo, produto da teatralidade, da inversión de situacións e da parodia de diferentes feitos da vida real. Polo tanto, non resulta estraño pensar que os que mandaban hai anos tivesen inquedañas coa risa do pobo, xa que ía dirixida de cara a unha legalidade vixente imposta rixidamente⁵⁸.

AGRADECEMENTOS

Queremos rematar este traballo agradecendo de xeito especial a colaboración das seguintes persoas:

Bernardino Barreiro, que nos proporcionou as fotos antigas.

José Cancio Fernández, autor do mapa de localización.

Xosé Manuel Carballo, que nos subministrou datos moi relevantes sobre este Entroido.

Anxo Vízcaíno Vázquez, que elaborou os dous debuxos sobre o Entroido.

ANEXO FINAL

Neste anexo incluimos unha serie de fotos que consideramos interesantes sobre o Entroido de Val de Francos, e que non foron introducidas nos capítulos anteriores. As primeiras e máis antigas son feitas hai xa ben anos polo fotógrafo B. Barreiro e as segundas, máis recentes, son autoría de Blanco Prado.

57 O fareleiro constitúe un importante disface para o “Val de Francos”. Vai provisto dunha careta, vai vestido con roupas humanas e algunha pel.

58 García Cendán, Bernardo. “O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 52.



Na corrida do galo



Na corrida do galo



O Entroido



Participantes na corrida do galo



Participantes no Entroido de Val de Francos



Asistentes á festa do Entroido



Cabaleiro participante na Corrida do galo



A caravana do Entroido. 2000



Os fareiros. 1998



A queima do Entroido. 2009



Máscaras. 2009



Xosé Manuel Carballo co Xulgado. 2009

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA SOBRE O ENTROIDO

ALBARELLOS CODESIDO, X.C. e REBOLEIRO GONZÁLEZ, V. *Aires de festa*. A Coruña: Bahía, 1993.

BLANCO PRADO, J.M. "Exposición sobre o Antroido na provincia de Lugo", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 2005, XII, vol. 1. Pp. 203-222.

CARBALLO, Xosé Manuel. "Antroidos e Antroido do "Val de Francos", revista *Terra Chá*, 7-1-06.

CARO BAROJA, Julio. *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*. Taurus: Madrid, 1979.

COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007.

DASAIRAS, X. *O Entroido en Terras de Monterrei*. Vigo: Edicións do Cumio, 1990.

El Entroido en Galicia. Exposición Casa de Galicia en Madrid. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1995.

DÍAZ, M.M. *Do Entroido ao Nadal. Romerías, ferias y fiestas patronales en Galicia*. Ea Editorial, 2006.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. "Identidade e festa popular". En: *O Feito diferencial galego na Antropoloxía*. Vol. II. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1998. (Coord. Marcial Gondar Portasany)

FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. "O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá". *Revista Dixital de "Galicia Encantada"*. Web.: www.galiciaencantada.com

FLORES ARROYUELO, F.J. *Fiestas de ayer y de hoy en España*. Madrid: Alianza, 2001.

FRAGUAS FRAGUAS, A. *A Festa Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro, 1996.

FRAGUAS FRAGUAS, A. *Do Entroido*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1994. Serie Alicerces, nº 6.

GONDAR PORTASANY, M. *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1993.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. "Fiestas cíclicas". En: VV.AA. *Galicia. Antropoloxía*. Tomo XXVII. Hércules Edicións, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. *Entroido en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987.

LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Editorial Siglo XXI, 1971.

LISÓN TOLOSANA, C. *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Madrid: Akal, 1974.

LORENZO, X. *Cantigueiro popular*. Vigo: Galaxia, 1973.

MARIÑO FERRO, X.R. *O Entroido ou os praceres da carne*. A Coruña: Edicións do Castro, 2000.

OTERO FERNÁNDEZ, X.M. "A dimensión lúdica da vida humana. O Entroido, unha antiga celebración". En: *Exemplificacións didácticas. Educación Secundaria Obrigatoria*. Tomo II. Xunta de Galicia.

RISCO, V. "Etnografía: Cultura espiritual". En: OTERO PEDRAYO, R. *Historia de Galiza*. Madrid: Akal, 1979.

RIVAS CRUZ, X.L. e IGLESIAS DOBARRIO, B. *Cantos, Coplas e Romances de Cego. (I) e (III)*. Recopilación de Mini e Mero. Lugo: Ophiusa Ensino, 1999.

RIVAS, P. *Fiestas de Galicia. Propostas didácticas*. Lugo: Deputación Provincial, 1996.

TABOADA CHIVITE, X. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Edicións Sálvora, 1980.

TENORIO, N. *La aldea gallega*. Cádiz, 1914.

VV.AA. *As caras do Entroido ourensán*. Ourense: Deputación Provincial e Fundación Caixa Galicia, 2009.

VV.AA. *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993. (Coord. "Asociación do Val de Francos")

VV.AA. *Galicia. Antropoloxía*. Tomos XXVII, XXVIII e XXIX. Hércules Edicións, 1997.

VV.AA. *O noso Entroido. Vilalba 1986*. Colexio Público "Antonio Insua Bermúdez" de Vilalba, 1986. (Patrocinado polo Concello de Vilalba)

VV.AA. *Tempos de festa*. Tomo I. "Entre os Reis e o mes de maio". Fundación Caixa Galicia, 2006.